

PLAN DE MELLORAS 2021-2022

PLAN DE MELLORAS 2021-2022

AM-01 Mellorar a xestión de títulos interuniversitarios

Esta acción defínese no Plan de Melloras 2019-2020 deste xeito: “Impulsar un protocolo de funcionamento para títulos interuniversitarios que harmonice os procesos de admisión e matrícula, a Xestión académica e administrativa, as transmisións de datos a nivel informático e a prestación de Servizos. O obxectivo é que os convenios interuniversitarios incorporen un protocolo de funcionamento que regule aspectos comúns para facilitar a Xestión e a calidade do título, tanto para alumnado como para o profesorado”.

A ambición deste formulación, á que non se debe renunciar, non debe adiar un obxectivo máis concreto, como é facilitar a xestión da relación interuniversitaria no tocante aos procesos de Garantía de calidade, é dicir, ao seguimento e acreditación de títulos.

Neste sentido, a acción proposta para o periodo 2021-2022 formúlase como o **establecemento dun procedemento na USC que facilite aos coordinadores de títulos interuniversitarios a obtención, procesado e agregación dos indicadores e informes con orixe nas outras universidades participantes nos títulos** de forma que se faciliten os procesos de garantía de calidade correspondentes.

Igualmente, procurárase, para os **títulos interuniversitarios con universidades do SUG**, unha coordinación entre elas para establecer un **panel común de indicadores, informes e enquisas de satisfacción** que facilite a xestión dos títulos. Ese panel deberá ser incorporado aos Sistemas de Garantía de Calidade dos centros coa conformidade da ACSUG.

AM-02 Retomar e implantar o programa de avaliación do profesorado (DOCENTIA)

Un elemento central dos sistemas de calidade é a avaliación do profesorado. Para iso, as axencias de calidade, por mandato do Ministerio de Universidades, impulsou un programa, denominado DOCENTIA, que proporcionara modelos ás universidades para abordar esta tarefa, da súa exclusiva responsabilidade.

A USC participou nese programa desde a súa orixe, de forma que xa en 2008 aprobouse polo Consello de Goberno un Manual de Avaliación da Actividade Docente, que foi verificado pola ACSUG.

Tal manual foi modificado en 2010 e de novo en 2012 en función das experiencias prácticas derivadas da execución de procesos de avaliación concretados en tres convocatorias experimentais realizadas en 2009, 2010 e 2012, ás que, en total, se presentaron 121 profesores.

DESEÑO MANUAL AVALIACIÓN ACTIVIDADE DOCENTE

Versión		Datas		Datas
1ª versión	Aprobada Consello de Goberno	14-mar-08	Verificada por ACSUG	may-08
2ª versión	Aprobada Consello de Goberno	16-nov-10		
3ª versión	Aprobada Consello de Goberno	30-mar-12		

3 CONVOCATORIAS EXPERIMENTAIS

Datas	Participantes totais	Art-Hum	Ciencias	Saude	Soc-Xur.	Enxeñaría
mar-09	26	4	4	0	7	11
dic-10	42	19	6	8	7	2
abr-12	53	7	11	13	15	7
Totais	121	30	21	21	29	20

A interrupción da continuidade do programa na USC a partir desa última convocatoria xenera, neste momento, reiteradas indicacións nos paneis que participan nos procesos de renovación da acreditación de títulos e nos de certificación de implantación dos sistemas de garantía de calidade en centros da necesidade de establecer na USC un sistema de avaliación docente do profesorado.

En consecuencia, considérase necesario dar prioridade a esta acción que vai concretarse nos seguintes pasos:

- a) **Reelaborar o Manual de Avaliación Docente**, partindo da experiencia anterior, mediante a creación dun grupo de traballo que eleve aos órganos de goberno unha proposta no primeiro semestre de 2021.
- b) **A aprobación dese Manual** polo Consello de Goberno ao longo do terceiro trimestre do ano 2021 e, no seu caso, verificación do seu deseño por parte da ACSUG.
- c) **A convocatoria dun novo proceso experimental de avaliación docente** antes de que remate o ano 2021 para ser resolto no primeiro semestre do ano 2022.

AM-03 Institucionalizar unha xornada anual dedicada á calidade para establecer unha reflexión dos implicados nos sistemas de garantía de calidade respecto á súa Mellora continua

Ao fío de accións consolidadas derivadas do Plan de Melloras 2019-2020, nomeadamente a creación do repositorio de boas prácticas e o informe anual sobre calidade a presentar ao Consello de Goberno e ao Consello Social, considérase necesario institucionalizar unha **xornada anual** dedicada á calidade, coa **participación do/as decanos/as, directores/as e responsables de calidade dos centros, así como dos membros da comisión de calidade delegada do Consello de Goberno**, na que se faga un **repaso do estado dos sistemas de calidade** e das súas **necesidades de mellora**, se publiciten as **boas prácticas recoñecidas** no ano e se **avalíe a evolución** dos indicadores **de oferta, demanda, ocupación, resultados e satisfacción de grupos de interese** así como os resultados dos **procesos de seguimento, renovación da acreditación de títulos e da acreditación institucional de Centros**.

Esa xornada anual deberá realizarse a **finais do mes de novembro ou a principios do de decembro**.

AM-04 Realizar accións formativas sobre calidade para o PDI e o PAS

A consolidación da cultura da calidade na USC depende en gran medida de que a súa garantía se integre na cultura común dos responsables das funcións docentes e administrativas, é dicir, do PDI e do PAS.

Esta integración facilitaría a continuidade dos procesos de calidade cando se producen substitucións de responsables académicos ou administrativos, e a vinculación para este propósito de ambos colectivos aseguraría unha maior facilidade no exercicio das funcións propias de cada ámbito.

Para iso, considérase necesario impulsar unha acción de Mellora que consista na realización sistemática, no marco dos Programas de Formación e Innovación Docente (PFID) e no de Formación do PAS de actividades formativas arredor da xestión da calidade e das súas ferramentas.

En consecuencia, a acción de Mellora que se propón consiste en **programar, ao longo de 2021, cursos de formación específica en calidade para o PDI e o PAS** no marco dos seus respectivos programas de formación, que se deseñarán de forma conxunta entre os responsables deses programas e a Área de Calidade e Mellora de Procedementos (ACMP).

AM-05 Fomentar a participación nas enquisas incluídas no SGC e melloras nas ferramentas de xestión empregadas para elas

A procura dun maior grao de participación dos distintos grupos de interese nos mecanismos de recollida da opinión sobre a súa satisfacción coa actividade docente da USC é un obxectivo permanente e indispensable para a Mellora da fiabilidade e precisión dos nosos sistemas de Garantía de Calidade.

Neste sentido, ademáis de accións de fomento da participación por medio da información ou a comunicación, cómpre avanzar respecto ás melloras concretas das ferramentas empregadas para acadar ese obxectivo.

Así, considérase necesario abordar estas cuestións no período comprendido neste Plan de Melloras:

- a) Resolver por medios técnicos a eiva existente respecto **á vinculación dos estudantes co grupo de docencia das materias** de cara a lanzar os procesos automatizados de enquisas.
- b) **Reducir o número de preguntas** nas enquisas de satisfacción co obxecto de facilitar a súa resposta, co ánimo de gañar representatividade.
- c) Fomentar e promover a realización de **actividades complementarias de carácter focal** para coñecer o grao de satisfacción de grupos de interese.

AM-06 Promover o contacto con egresados e a súa implicación na garantía da calidade do proceso ensino/aprendizaxe na USC

Un dos grupos de interese máis relevantes para mellorar os nosos sistemas de garantía de calidade e, ademais, para contribuir a novas iniciativas estratéxicas, como a análise da empregabilidade dos nosos titulados, a identificación de necesidades de formación continua e, en xeral, o establecemento de vínculos institucionais, é o dos egresados.

A este respecto, as accións que se propoñen acometer durante o periodo de vixencia deste Plan de Melloras son as seguintes:

- a) Establecer un **registro de egresados**, habilitado cos permisos necesarios para identificar e manter canles de comunicación abertos con eles e do que sexa **responsable a unidade administrativa que determine a Secretaría Xeral**. Ese registro disporá dos recursos tecnolóxicos necesarios para estar activo de cara as distintas actuacións que a USC quera programar respecto aos seus egresados.
- b) Partindo dese rexistro, establecer desde a **ACMP un programa sistemático de enquisas** que busque obter información regular sobre a **evolución das condicións de emprego**, de avaliación dos **cambios de percepción producidos no tempo respecto á satisfacción coa docencia recibida** na USC e das **necesidades de formación continua**.
- c) Igualmente, **facilitar** desde ese rexistro **información aos centros** para que podan **incorporar egresados** aos seus **Procedementos de garantía de calidade** e avaliar de forma máis concreta as súas apreciacións sobre a satisfacción coa docencia e os servizos.

AM-07 Elaborar un modelo de guía docente ou programa

Esta acción, que xa foi incorporada nos dous últimos Plans de Melloras, ten por obxectivo mellorar a información que ten o alumnado sobre as competencias que debe adquirir e o seu sistema de avaliación de forma que a USC proporcione un estándar respecto a estas cuestións mediante un modelo de guía docente ou programa.

Respecto a esta acción, no curso pasado revisouse a información que figura na web na maioría dos programas, fixando unha orde de contidos que os unifique e que, inicialmente, serían os seguintes:

- Cabeceira coa información da materia.
- Obxectivos.
- Contidos mínimos
- Linguas de impartición
- Metodoloxía da ensinanza
- Bibliografía básica e complementaria
- Sistema de avaliación da aprendizaxe:

Varios destes epígrafes requiren un desenvolvemento maior (especialmente os relativos ás competencias a adquirir, e a metodoloxía e o sistema de avaliación) para que a información que se proporcione ao alumnado sexa o máis completa posible.

Definido o formulario, deberá ser aprobado polo Consello de Goberno e incorporado á aplicación Xescampus.

O obxectivo é que ese proceso remate para que o novo formulario poda utilizarse na programación de materias do **curso 2022-2023**.